



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

18 JUN. 2024 18:52:44

Entrada **30901**

Pregunta sobre o fechamento do paso de peóns próximo á
Estación de Teixeiro en Curtis

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO


O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao fechamento do paso de peóns a nivel na estación de tren de Teixeira.**

O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) procedeu a pechar o paso de peóns a nivel na contorna da Estación de tren de Teixeira. Trátase dunha decisión adoptada sen consultar previamente co Concello e os veciños e veciñas afectados e sen achegar unha solución alternativa.

Ao impedir atravesar as vías a nivel, impídese a comunicación entre un e outro lado do lugar, provocando o illamento e a división da vila. Despois do fechamento do paso a nivel, os peóns teñen como única alternativa de tránsito o uso do paso subterráneo de vehículos. Unha vía moi insegura pois é estreita, cunha curva pronunciada sen visibilidade e beirarrúas estreitas que non permiten a súa utilización por carriños, cadeiras de rodas ou máis dunha persoa á vez.

Resulta incomprendible que ADIF adopte esta decisión sen chegar previamente a un consenso e sen facilitar, previamente, unha alternativa de paso. Esta solución pasaría ben por habilitar un paso elevado seguro para peóns e persoas usuarias da Estación ou ben pola ampliación e mellora do paso subterráneo de forma que permita o seu uso seguro e compartido por vehículos e viandantes. Solucións que, en todo caso, deben ser acordadas co Concello e os veciños e veciñas, non adoptadas unilateralmente.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:





1. Cales son as razóns que levaron a ADIF a valar o acceso á Estación de Teixeira impedindo así o paso a nivel das e os peóns?
2. Comunicou nalgún momento a decisión de proceder a este peche ao Concello de Curtis? De ser así cando?
3. Por que adoptou esta decisión sen dar unha solución alternativa nin acordar posíbeis solucións?
4. Rectificará a súa decisión en tanto non se habilite un paso seguro alternativo para as persoas viandantes?
5. Considera seguro o uso do paso subterráneo de vehículos por parte das e os peóns?
6. É consciente da pronunciada curva sen visibilidade na que desemboca e da estreita beirarrúa que non permiten un tránsito seguro?
7. Valora a posibilidade de habilitar un paso de peóns elevado ou ben a ampliación e mellora do paso subterráneo como alternativa?
8. Acordará a mellor solución cos veciños e veciñas afectadas e o propio Concello de Curtis?

Madrid, a 18 de xuño de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al cierre del paso de peatones a nivel en la estación de tren de Teixeira.**

El Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) ha procedido a cerrar el paso de peatones a nivel en el entorno de la Estación de tren de Teixeira. Se trata de una decisión adoptada sin consultar previamente con el Concello y los vecinos y vecinas afectados y sin aportar una solución alternativa.

Al impedir atravesar las vías a nivel, se impide la comunicación entre uno y otro lado del lugar, provocando el aislamiento y la división del pueblo. Tras el vallado del paso a nivel, los peatones tienen como única alternativa de tránsito el uso del paso subterráneo de vehículos. Una vía muy insegura pues es estrecha, con una curva pronunciada sin visibilidad y aceras estrechas que no permiten su utilización por carritos, sillas de ruedas o más de una persona a la par.

Resulta incomprensible que ADIF adopte esta decisión sin llegar previamente a un consenso y sin facilitar, previamente, una alternativa de paso. Esta solución pasaría bien por habilitar un paso elevado seguro para peatones y personas usuarias de la Estación o bien por la ampliación y mejora del paso subterráneo de forma que permita su uso seguro y compartido por vehículos y viandantes. Soluciones que, en todo caso, deben ser consensuadas con el Concello y los vecinos y vecinas, no adoptadas unilateralmente.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:



1. ¿Cuáles son las razones que han llevado a ADIF a vallar el acceso a la Estación de Teixeira impidiendo así el paso a nivel de las y los peatones?
2. ¿Comunicó en algún momento la decisión de proceder a este cierre al Concello de Curtis? De ser así ¿cuándo?
3. ¿Por qué adoptó esta decisión sin dar una solución alternativa ni consensuar posibles soluciones?
4. ¿Rectificará su decisión en tanto no se habilite un paso seguro alternativo para las personas viandantes?
5. ¿Considera seguro el uso del paso subterráneo de vehículos por parte de las y los peatones?
6. ¿Es consciente de la pronunciada curva sin visibilidad en la que desemboca y de la estrecha acera que no permiten un tránsito seguro?
7. ¿Valora la posibilidad de habilitar un paso de peatones elevado o bien la ampliación y mejora del paso subterráneo como alternativa?
8. ¿Consensuará la mejor solución con los vecinos y vecinas afectadas y el propio Concello de Curtis?

Madrid, a 18 de junio de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso

